

COMERCIO E INDUSTRIA EN MARTÍN SARMIENTO

Xoán Carmona Badía

Universidade de Santiago de Compostela

DOI: [10.17075/eiems.2024.007](https://doi.org/10.17075/eiems.2024.007)

Tal e como indicaba hai xa case tres décadas Fausto Dopico, «dentro de la impresionante erudición del monje benedictino, no es lo más notable su conocimiento de la literatura económica» (Dopico 2000: 651). Pola súa banda, Ernest Lluch explicaba na mesma altura que a obra de Sarmiento fora escrita antes da vaga de difusión da nova ciencia da economía política en España, que non comezaría ata 1768, época en que en realidade o monxe bieito xa tiña escrita practicamente toda a súa obra (Lluch 1997: 94). E isto último explicaría que, malia a súa vocación enciclopédica, a literatura económica tivese unha presenza moi reducida na súa espectacular biblioteca, tal como demostrou Rocío Ameneiros (Ameneiros 2015). Segundo esta autora, a epígrafe «Política, economía e comercio» —o que inclúe non só economía— representaba unha porcentaxe de arredor do 1 % do total daquela, unha cifra que medraría un chisquiño se incluimos algúns libros de agricultura que aparecen na epígrafe «Historia natural. Botánica e agricultura».

Entrando xa nas citas concretas ao longo da súa obra, as referencias son igualmente moi limitadas en comparanza coas relativas ás doutras temáticas. Sarmiento cita algúns manuais de comercio —Savary, Chomel— e tratados de agronomía, como os de Herrera, Duhamel de Monceau ou Tull. Ao seu carón, uns poucos autores máis ou menos mercantilistas como o francés Vauban¹ ou os españois Sancho de Moncada² ou Miguel de Zavala, pero, sobre todo, Gerónimo de Uztáriz³. Finalmente, Sarmiento parece coñecer *L'ami des hommes* de Victor Riquetti, marqués de Mirabeau, publicada en 1755, en opinión de Lluch a última obra deste autor antes da súa conversión á fisiocracia (Lluch 2000: 130).

Con todo, Sarmiento opina nos seus textos sobre diversas cuestións económicas, as máis das veces en resposta a peticións de informes sobre determinados temas por parte de altos elementos da Administración borbónica, da súa propia congregación relixiosa, de amigos ou mesmo do seu irmán Francisco Javier, que ocupaba un cargo na Administración de Mariña en Pontevedra. Deste xeito, entre os temas aos que dedica abondosas liñas estarán a renovación dos foros, a pesca, os capitais de América ou os camiños. Temas como os relativos ao comercio ou ás

¹ *Obra de 660 pliegos* §778-780: I, 224. Remitimos á edición de Henrique Monteagudo, coa indicación de parágrafo e, despois de dous puntos, volume e número de páxina.

² *Obra de 660 pliegos* §363: I, 133.

³ Sobre a biografía e o pensamento económico de Uztáriz e a súa relación co mercantilismo véxase a obra clásica de Fernández Durán (1999).

manufacturas semellan ser tomados en consideración por iniciativa propia, tratando de ofrecer indicacións para unha mellora da condición dos galegos ou dos habitantes do Reino en xeral. Neste sentido, o seu pensamento económico non é un pensamento sistemático, de escola, senón máis ben un conxunto de opinións sobre temas agrarios, comerciais, pesqueiros e industriais, nos que domina un eclecticismo en que coexisten ideas afíns ao pensamento escolástico con outras máis ben mercantilistas.

Malia todo o anterior, si que foi o monxe bieito autor dalgúns textos que se poden considerar como propiamente económicos, como é o caso dalgunhas das súas cartas, por exemplo a titulada «Sobre nuestra industria», que fora enviada ao seu irmán no ano 1748 e publicada por vez primeira no ano 1856 en *El Defensor de Galicia*⁴, ou a que sobre o liño e o cânabo lle escribiu tamén ao mesmo destinatario un par de anos máis tarde⁵. Os dous longos informes sobre camiños que redactou en 1751⁶, un deles a petición do conde de Aranda, entrarían tamén na categoría. E aínda que sabemos que existe un texto explicitamente dedicado á cuestión dos «caudales de América», descoñecemos o seu paradoiro.

Os comentarios e observacións de Sarmiento relativos a cuestións económicas refírense ás veces a Galicia, que coñece polos recordos da súa infancia, polas tres viaxes que fixo nos anos 1725, 1745 e 1754-1755 —nas que percorreu boa parte do país—, polas indicacións do seu irmán —que vive en Pontevedra— e, finalmente, polas novas que lle fornecen outros galegos que van a Madrid. Cando se refiren a España en xeral sitúanse na mesma perspectiva de lamento pola decadencia da poboación ou da agricultura, que é común a moitos dos escritores dos séculos XVI e XVII.

⁴ «Sobre nuestra industria», carta ao seu irmán Francisco Javier do 18/12/1748, publicada en *El Defensor de Galicia*, 15/11/1856. Esta carta pode consultarse co título «Sobre la industrialización y comercialización de Galicia, la fabricación de vidrios, seda jabón, armerias, paños, miel, certa, etc.» en Sarmiento 1995: 40-44.

⁵ «Sobre el señor Argenti y el cultivo del cáñamo en La Limia», en Sarmiento 1995: 45-48.

⁶ «De las utilidades que se seguirán si se compone el antiguo camino de carros desde el Rivero de Avia hasta la villa de Pontevedra, y se continúa desde el Rivero por Orense hasta salir a Castilla» e mais «Apuntamientos para un Discurso sobre la necesidad que hay en España de unos buenos Caminos Reales y de su pública utilidad y del modo de dirigirlos, demarcarlos, construírlos, comunicarlos, medirlos, adornarlos, abastecerlos y conservarlos», en Martín Sarmiento, «De caminos», Biblioteca Universitaria de Santiago (ms.), sign. ms. 263.

SARMIENTO E O PENSAMENTO ECONÓMICO ESPAÑOL DO SEU TEMPO

Vicent Llombart (2000) considera tres fases na evolución do pensamento económico español da Ilustración. Unha primeira, de transición, na que cumpriría incluírmos a escritores como Miguel de Zavala, Bernardo Ulloa ou Teodoro Ventura de Argumosa, pero na que, sen dúbida, a obra máis influente sería a *Theorica y practica de comercio y de marina* de Gerónimo de Uztáriz, publicada por primeira vez no ano 1724 e que podería ser considerada aínda como de corte mercantilista (Fernández Durán 1999; Cervera Perry 2019). A segunda fase comezaría contra 1760 e representaría un forte impulso á literatura económica con relación a etapas anteriores; estaría ligada á creación das Sociedades Económicas de Amigos del País e, ademais de ter en Pedro Rodríguez de Campomanes a súa figura central, contaría tamén con autores como Bernardo Ward, Pablo de Olavide ou o catalán Romá. A partir de 1780 sitúa Llombart a derradeira etapa da ilustración económica, marcada pola figura de Jovellanos, pero tamén de Capmany ou Cabarrús, entre outros. É esta a época da recepción en España da obra dos fisiócratas e da de Adam Smith e, en xeral, da economía política anglosaxoa.

Sarmiento (1695-1772), que escribe os máis dos seus apuntamentos económicos durante as décadas de 1740 e 1750, formaría parte do grupo de autores do primeiro período ao que se refire Llombart. Porque, malia que durante os anos sesenta é cando redacta a denominada *Obra de 660 pliegos*, a maioría das ideas económicas contidas nela proceden de textos anteriores: os seus dous discursos sobre camiños, que son os textos máis amplos de carácter económico da súa autoría, están datados por el mesmo no ano 1751; e as súas ideas sobre comercio, pesca e industria aparecen na correspondencia co seu irmán Francisco Javier e outros xa durante as dúas décadas citadas (Sarmiento 1995).

O anterior é importante para contextualizar o seu pensamento económico, posto que na época en que expresa as súas ideas económicas non tivo acceso nin á obra dos fisiócratas —coa excepción enunciada de Mirabeau— nin á de Adam Smith e os primeiros economistas políticos, posibilidade que si estaría ao alcance dos ilustrados galegos e españois das décadas inmediatamente posteriores. Como Llombart e outros autores indicaron, o espallamento vía traducións así como a multiplicación dos escritos económicos ilustrados en España tiveron moito que

ver coa creación das primeiras Sociedades Económicas, das que a pioneira foi fundada contra 1763. Sarmiento, xa que logo, non estaría en absoluto na mesma contorna de coñecemento que un Campomanes e menos dun Jovellanos ou dun Romá ou Capmany. Cada autor debe ser entendido no seu tempo.

Deste xeito, e conforme co que agora chamariamos «estado da cuestión» da súa época, resulta lóxico que o principal economista español utilizado por Sarmiento fose, con diferenza, o navarro Gerónimo de Uztáriz, tal como el mesmo explica na *Obra de 660 pliegos*:

Don Jerónimo de Uztáriz dio a luz el año de 1724 un tomo en folio con el título *Teórica y práctica de comercio y de marina*. Uso de la tercera impresión de 1757. Este autor es muy curioso y útil, aun para los que, como yo, no hemos tenido ni tenemos ejercicio alguno en el comercio. Informose de muchas cosas antes de escribir ese tomo y tuvo comercio literario con los literatos extranjeros, y creo que con el famoso Jacob Savary, de quien (y de su hermano Luis) es el *Diccionario universal de comercio*, en tres tomos en folio, París, 1741. El dicho Jacob Savary había dado antes a luz su grueso tomo *Le parfait negociant*. El ejemplar que tengo de este tomo en cuarta tiene la firma original del mismo Savary y la firma original del mismo Uztáriz. (*Obra de 660 pliegos* §705: I, 206)

Sarmiento utiliza en numerosas ocasións os datos estatísticos de Uztáriz, cítao moitas veces e mesmo coincide con moitos dos seus xuízos e apreciacións relativos ao comercio exterior, tal e como veremos no apartado seguinte. Porén, resulta difícil cualificar o monxe bieito como propiamente mercantilista, posto que para el non é o comercio senón a agricultura «la base fundamental de la felicidad de un Estado. Después, la población. Después, el comercio» (*Obra de 660 pliegos* §3208: II, 368). E, de feito, as máis das referencias económicas do monxe bieito son á agricultura (incluíndo gandaría e montes), da que se ocupa non só nas epígrafes relativas a ela, senón en moitas das referidas á historia natural, que contan con abondoso espazo na *Obra de 660 pliegos*. Nas cuestións de agricultura, que non constitúen o obxecto deste traballo, basea Sarmiento os seus razoamentos en autores latinos, como Virxilio, Columela ou Plinio, e mais en textos dos agrónomos do século XVI, como a *Agricultura General* de Alonso de Herrera. Coñece, como xa indicamos, os autores da Nova Agronomía, como Tull e Duhamel du Monceau, pero non lle parecen dunha grande utilidade nin para agricultura gale-

ga nin para a española⁷. Dun dos textos deste último chega a dicir que é «más pesado que sangre de chinches» (*Obra de 660 pliegos* §6090: IV, 386).

O COMERCIO NA OBRA DE SARMIENTO: ENTRE A ESCOLÁSTICA E O MERCANTILISMO

Sarmiento comparte con Uztáriz, e con outros mercantilistas, a preocupación polo déficit da balanza comercial, que se traduce nunha continua saída de capitais de España para compensala.

Con tantos años de Indias y con tantos tesoros que de ellas han venido y entrado en España, separando algunos millonistas, no hay pueblos más míseros, cuitados y faltos de dinero que los de España. Esto prueba invenciblemente que siempre ha salido de España, sin comparación, más dinero que lo que ha entrado. ¿Y esto ha sido comercio? Téngase presente el cálculo de Uztáriz, que los extranjeros nos sacan de España cinco, a título de paños que no se necesitan, por uno, de lanas que les vendemos. (*Obra de 660 pliegos* §760: I, 219)

Igual que o economista navarro, pensa que a insuficiencia da produción de manufacturas, os elevados e variados impostos, os reducidos aranceis de importación e os gravames á exportación son partes importantes daquel problema. Sarmiento engade, ademais, a falta de comunicacións internas entre os portos e o interior, que fan que ás veces o custo do transporte interior sexa superior ao dos produtos procedentes do exterior⁸. E, na mesma liña que Uztáriz, mantén a opinión de que a solución do problema esixe unha política comercial distinta.

⁷ «[T]an lejos de disputar yo el mérito de esos autores extraños (Tulles, Du-Hameles, Hales y otros muchos) le supongo, celebro y alabo, porque son buenos patriotas y son útiles con sus escritos, pero respective a sus países en donde por sí mismos hicieron las experiencias, y a su costa. ¿Pero cuántas hicieron en España? ¿Cuántas en Galicia? ¿Cuántas en el arciprestazgo de Morrazo? Lo que yo deseo es que en este arciprestazgo, como en otro cualquiera de España, se levanten unos Tulles, Du-Hameles, etc., que observen la cultura actual de las tierras del país, que hagan algunas observaciones y experiencias a su costa, y que a su costa las impriman» (*Obra de 660 pliegos*, §6105: IV, 389).

⁸ Sarmiento: «De las utilidades que se seguirán, si se compone el antiguo camino de carros desde el Rivero de Avia...» e «Apuntamientos para un Discurso...», cit.

A posición do monxe bieito dos anos corenta, segundo a que «el comercio debe hacerse de los frutos que no son precisos y sobran, o pueden sobrar, para la extracción, y para la introducción de los frutos que son necesarios, y no los puede llevar la tierra»⁹, manterase e consolidarase aínda na *Obra de 660 pliegos*:

No soy de los que creen que la felicidad de un Estado solo consiste en comercio y más comercio. El comercio que se dirige a sacar de un reino, provincia o lugar lo que le sobra y traerle a trueque de eso lo que le falta, ganando algo en el trueque, sea en frutos o en dinero, es el esencial constitutivo del comercio desde Noé acá, y el que hace subsistir el género humano. Cuanto más un comercio se apartare de ese constitutivo sólido y fundamental, tanto menos debe tener el nombre de comercio. El comercio no se inventó para hacer a los hombres muy acaudalados y millonistas, sacando del país lo que precisamente se necesita y embocándole lo superfluo, inútil y tal vez nocivo. (*Obra de 660 pliegos* §767-768: I, 221)

Habería así —e nisto segue obviamente a Uztáriz— un comercio «que hace subsistir al género humano» e outro «superfluo, inútil y tal vez nocivo», o que concorda coa distinción do autor navarro entre «comercio útil» e «comercio dañoso» (Uztáriz 1724: 2). Correspondería aos gobernantes promoveren as medidas para desenvolver o auténtico comercio. Algunhas das medidas serían —estase Sarmiento a referir a Galicia—:

[...] establecer fábricas, entablar manufacturas e introducir en Galicia el verdadero comercio. En primer lugar, el comercio interior y circular en todo aquel reino; en segundo, el comercio mutuo con los extraños países comarcanos; y en tercero, algún comercio, pero poco, de largas navegaciones, pues ese comercio presto daría en monipodio, tiranía y en que pocos le estancasen. (*Obra de 660 pliegos* §783: I, 225)

Xa que logo, comercio si pero con restricións: exportación de produtos do sector primario cando excedan as necesidades propias; do sector secundario, cando se trate de produtos non necesarios. Deste xeito, cumpriría aumentar as vendas de viño, por exemplo, ou de tecidos de seda. Importacións, válido para ambos os dous sectores: as estritamente necesarias. O monxe bieito teima mesmo na

⁹ «Sobre nuestra industria», cit.

necesidade de reducir as de produtos de la ou liño de calidade, que deben ser substituídas pola produción interior. Non dubida Sarmiento en indicar fórmulas radicais para conseguir conducir este comercio nas liñas indicadas:

[...] el método de frustrar los monopodios, de abatir el orgullo y de tronchar la ambición de nuestros enemigos no debe ser otro sino una rigurosa prohibición, con pena capital, de que no salga de España material que no esté trabajado ni entre género que no sea indispensable y *simpliciter* necesario. (*Obra de 660 pliegos* §1195: II, 133)

Pero, a diferenza de Uztáriz, que se refire exclusivamente ao carácter, en ocasións, «dañoso» do comercio, Sarmiento, máis influído nisto pola escolástica que polo mercantilismo, estende a súa prevención aos propios comerciantes, especialmente aos comerciantes por xunto, e niso chega moito máis lonxe que o autor navarro. É que para Sarmiento «el verdadero comercio» debe cumprir unha segunda condición: a de non estar suxeito a «monopodios», ou, dito doutro xeito, que non estea nas mans do que el denomina «dineristas» ou «millionistas». O comercio debe ser exercido en cantidades limitadas por cada axente, como os bufariñeiros galegos, por exemplo, que se desprazan anualmente a Castela, percorren centos de quilómetros para venderen produtos da súa comarca e traen de regreso a Galicia os propios de Asturias, Castela ou Andalucía¹⁰. Segundo o «teorema del comercio», do que chega a falar Sarmiento, «más vale que infinitos comercien con poco que el que pocos comercien con mucho» (*Obra de 660 pliegos* §1198: I, 340).

Finalmente, Sarmiento coincide tamén con Uztáriz no seu rexeitamento ás compañías por accións dotadas de privilexios fiscais ou de acceso ao mercado, destinadas a promover o comercio coas Indias ou simplemente á elaboración de manufacturas. Estas compañías, que tiveron o seu auxe durante o tempo en que José Carbajal y Lancaster estivo á fronte da Junta de Comercio y Moneda (García Rupérez 1986; Delgado Barrado 2009) —o que lle valeu a este o alcume de «o fabricante»—, si eran, polo contrario, defendidas por outros mercantilistas como Miguel de Zavala ou Ventura de Argumosa. De feito, este último foi non só vedor das Reais Fábricas de Guadalajara senón tamén o encargado por Carvajal

¹⁰ Sobre este tema véxase Carmona Badía (1990b).

da elaboración das ordenanzas para a Compañía de Extremadura (Matilla 1982: 332-333).

Pero se a crítica de Uztáriz se centraba na ineficacia das compañías españolas para conseguiren os seus obxectivos, ou mesmo no seu carácter innecesario no contexto institucional, pero non saía do marco da óptica mercantilista¹¹, Sarmiento si saía deste marco e a súa crítica adoptaba un carácter moral, igualmente aquí máis escolástico que mercantilista. Sarmiento foi un feroz inimigo das compañías privilexiadas, tanto as de carácter comercial como manufactureiro. Nas cartas dos anos corenta refírese á «inícua de Caracas con sus usuras» e á «iniquísima del azúcar [que] hizo que a todos nos amargue el comprarla»¹². Na *Obra de 660 pliegos* (§372-373: I, 140) refírese ao fracaso da proxectada Compañía de Campeche e mais ao que experimentaría, na súa opinión, calquera outra que comerciara con América. Esta fobia ás compañías de comercio foi probablemente tanto unha reacción fronte ás políticas de Carvajal como unha mostra da súa hostilidade ao capital mercantil, típica da maioría dos escolásticos (García Sanz 1999: 133).

«FRUSTRAR LOS MONIPODIOS»: A DEFENSA DA INDUSTRIA DISPERSA

Sarmiento, que como xa vimos consideraba as manufacturas como un complemento da agricultura, explicaba ademais a súa orixe como a dunha actividade agromada en lugares onde aquela presentaba dificultades:

Los países montañosos, áridos, estériles y que poco o nada producen son los que se vieron precisados a buscar fuera lo que necesitaban, y siempre mediante un trueque. Y como este no le podían hacer con frutos de la tierra, inventaron algunas producciones de sus manos para hacer el trueque o comercio. De eso se originaron las fábricas y todo género de manufacturas. (*Obra de 660 pliegos* §768: I, 221)

¹¹ Véxase o apartado XXXIX da súa *Theorica y practica de comercio y de marina*, que precisamente titula «Dificultades e inconvenientes, que se consideran en establecer y conservar Compañías de Comercio en España».

¹² Carta ao seu irmán Francisco Javier do 18/12/1748, en Sarmiento 1995: 40-44; a cita é da p. 43.

Dentro dunha tal complementariedade, Sarmiento defende en varios lugares da súa obra a necesidade de establecer a fabricación de tecidos, de xabón, de vidro e de papel. Referíndose aos primeiros, explica:

Si se entabla la dicha economía de las lanas y de las sedas, se empleará infinita gente en las manipulaciones y todos tendrán qué comer, y en eso debe consistir el comercio. No en que coman pocos y que los más hagan cruces. Si se han de multiplicar fábricas de paños y de sedas, es razón que para unas y otras se piense en Galicia, en donde no se ha pensado hasta ahora. No hay provincia de España más proporcionada que el Reino de Galicia para fábricas, manufacturas y para el comercio por mar y por tierra. La infinidad de gente, la abundancia de aguas, la copia de árboles, lo barato de los alimentos y de los salarios, la industria e ingeniosidad de los gallegos (sobre ser tan laboriosos y constantes para cualquiera ciencia, arte o manufactura a que los ponen o a que ellos se dedican, etc.), todo conspira a que se deban esperar grandes ventajas de que en Galicia se establezcan algunas fábricas o manufacturas en metales, lino, lana y seda. (*Obra de 660 pliegos* §709: I, 207)

Estas fábricas deberían establecerse, en todo caso, en «lugares retirados, que abunden de gente pobre, de agua, de leña y de alimentos para que las manufacturas se puedan comprar con conveniencia»¹³.

Mais, a que se refire Sarmiento cando fala de «fábricas»? Está defendendo a implantación de industrias como as que están comezando a agromar en Inglaterra na década de 1760, cunha certa división do traballo, e que a partir da década seguinte comezarán a introducir os primeiros avances tecnolóxicos propios da Revolución Industrial? Está defendendo as Reais Fábricas típicas do colbertismo que tratan de aclimatar en España algúns altos funcionarios da Administración borbónica? Está defendendo pequenas unidades de produción centralizadas como as que existen en diversos lugares de Europa no eido da metalurxia e da cerámica ou nos obradoiros de indianas ingleses ou, xa naquela altura, barceloneses? En realidade é difícil sabelo con certeza posto que o monxe bieito nunca explicita a que se refire e mesmo se contradí nalgunhas ocasións.

Aínda que non parece que as Reais Fábricas sexan o seu modelo de industria, tampouco se mostra contrario, sempre que cumpran dúas condicións: estaren

¹³ «Apuntamientos para un Discurso...», f. 167.

situadas en lugares non populosos e non elaboraren produtos «finos» que compitan coas manufacturas domésticas rurais, e moi especialmente coas de elaboración de tecidos de liño, dominantes no rural galego. Neste sentido, afirma no seu manuscrito sobre a composición do camiño carreteiro de Pontevedra a Ribadavia e de alí a Castela que o terreo de Quiroga na contorna do río Cabe «es el más propio para establecer unas magníficas herrerías y una Real Fábrica o manipulación de fino Acero, [...] una fábrica de todo género de armas y de instrumentos de corte, navajas, cuchillos, tixerás» e, mesmo, «una fábrica de paños en Valdeorras»¹⁴. A mesma consideración favorable fai da Real Mantelería da Coruña¹⁵, aínda que neste caso coa condición de que se manteña na fabricación unicamente de tecidos finos, posto que «no se debe estancar entre pocos ni el lino ni el lienzo en Galicia, pues insensiblemente se irá perdiendo lo mejor que hay en aquel Reino, que es el que todas las mujeres trabajen para sí y no se reduzcan a ser jornaleras de una docena de avarientos enemigos del bien común» (*Obra de 660 pliegos* §1369: I, 387).

A segunda acepción coa que utiliza Sarmiento o termo «fábrica» é para se referir aos «molinos de papel»¹⁶, aos «hornos de vidrio»¹⁷ ou ás «fábricas de hierro», polo que, en xeral, se pode entender que, nestes casos, cando fala de «fábricas» se está a referir á pequena manufactura centralizada, a do muíño papeleiro, a do forno de cerámica ou vidro ou a ferraría¹⁸. A referencia máis próxima ao que hoxe entendemos por fábrica sería en tal sentido a que fai ás de «hierro colado», o que é dicir aos altos fornos de carbón vexetal, comúns en lugares como Inglaterra, Estiria ou os Urais, e que sería trinta anos logo o modelo de Sargadelos (Carmona Badía 1993). Estes altos fornos eran fábricas dunha dimensión aínda reducida

¹⁴ «De las utilidades que se seguirán, si se compone el antiguo camino de carros desde el Rivero de Avia...», 1751, f. 29v.

¹⁵ «Bueno es que se tejan esas telas muy finas, y que se conserve la fábrica (y aun que se duplique o triplique) de la finísima y singular mantelería de La Coruña», *Obra de 660 pliegos* §1368: I, 387.

¹⁶ *Obra de 660 pliegos* §1397 e ss.: I, 394.

¹⁷ *Obra de 660 pliegos* §1128 e ss.: I, 323.

¹⁸ *Obra de 660 pliegos* §3691 e ss.: III, 88 e ss. No §3706 especifica máis: «Pondré el ejemplo en el hierro [...]. Cerca de las minas se han de colocar las fábricas de los metales en bruto y en barras. No muy lejos de ellas, las fábricas de las manufacturas grandes y gruesas. Y en los puertos de mar, por no ser apropiado para las dos fábricas, se han de multiplicar las fábricas de las manufacturas menores y delicadas, que sin abultar el volumen ni el peso, se puedan transportar para un comercio muy lucrativo».

(xeralmente non máis de 10/12 metros de elevación) e estaban aínda a cabalo entre o aproveitamento de privilexios de carácter señorial de utilización de augas e fragas e os modelos tecnolóxicos da industria moderna.

Xa que logo, Sarmiento defende un certo tipo de «fábricas»: as pequenas manufacturas centralizadas de xeito xeral e as reais só en circunstancias extraordinarias. Entendéndose, en calquera caso, que é para certos sectores e lugares, e sempre que non despracen a industria rural tradicional, descentralizada e complementaria da agricultura. Para o caso de Galicia, a viva representación desta última era a produción de liño espallada por todo o país. A esta produción e aos perniciosos efectos que sobre ela produciría a implantación xeneralizada de fábricas centralizadas refírese Sarmiento nos seguintes termos:

La singularidad de su trabajo consiste en que ese le hacen a ratos perdidos. Siempre andan con la rueda en la cinta, vayan a donde fueren. A esto se debe atribuir el que el lienzo valiese en Galicia tan barato estos años pasados. Sería quimérico venderlo a ese bajo precio si hubiesen de pagar tantos jornales como el lino tiene de operaciones, lo que sería indispensable si hubiese fábricas a la moda. He oído a quien lo sabía que en Galicia había 30 000 telares de lienzos. Estos subsisten sin fábricas públicas. ¿Y por qué no podrán subsistir 50 000 telares sin ellas? Así pues, el modo de promover el lienzo en Galicia no ha de ser con fábricas reales ni con compañías protegidas con privilegios de exclusivas. Debe ser duplicando los telares en los individuos o individuos, y favoreciendo a los cosecheros de lino con alguna corta franquicia, siquiera porque han de ser pobres mujeres, y tal vez viudas, las que han de aplicar a ese penoso trabajo. (*Obra de 660 pliegos* §1363: I, 386)

Los que piensan en fábricas de lienzos en Galicia para hacer caudales, piensen en poner allí fábricas de otros géneros muy útiles, y que no saben ejecutar las mujeres; verbigracia: de paños, de sedas, de jabón, de vidro, de loza, de algodón, de papel, etc., que no dejarán de ganar bien. Véase aquí como yo no me opongo a las fábricas en Galicia, pues bastantemente las he persuadido en estos papeles. Digo, sí, que el poner fábricas públicas de lienzo será destruir a Galicia, quitando que cada uno la pueda tener en su casa, y solicitando que las gallegas sean esclavas de cuatro perafustanes, y abandonen, aburridas, el noble y útil ejercicio del linificio que hace más de dieciocho siglos que le profesan. (*Obra de 660 pliegos* §1364: I, 386)

Deste xeito, Sarmiento rexeita dous dos elementos básicos para a transición da industria rural cara á industrialización moderna: o control da produción descentralizada por parte do capital comercial («perafustanes») e a existencia de calquera xeito de fábrica centralizada onde existise xa a primeira. Esta posición adiantase unha década a algunhas das concepcións de Pedro Rodríguez de Campomanes acerca da «industria popular», sobre as que probablemente tivera algunha influencia, aínda que non fose a única¹⁹.

Esta concepción é coherente tanto coa idea do monxe bieito de que a base da economía é a agricultura, como coa súa prevención perante os posibles procesos de urbanización que a concentración de manufacturas nas cidades puidese xerar. Sarmiento profesa, neste sentido, unha extrema aversión ás cidades, posto que

[...] a la mayor población de gente ociosa, inútil y perniciosa en las grandes ciudades, se sigue la verdadera despoblación y el visible atraso de la agricultura. Los zánganos que en ellas se anidan, se ocultan, y acaso huidos de las cárceles y proscritos de los superiores de sus países respectivos, si allí aumentan el vecindario, será vecindario de nuevos zánganos y ociosos. (*Obra de 660 pliegos* §664: I, 196)

Esta aversión ás cidades chega a extremos moi distantes do que se podería considerar como pensamento económico, nin tan sequera de carácter escolástico, cando afirma:

Que Dios no gusta de esas grandes ciudades se conoce en el castigo que dio a los descendientes de Noé que tentaron fabricar la torre de Babel [...]. Pero el diablo, que es padre de la mentira, embuste y confusión y que sabe cuánto de útil se le sigue de que millares de hombres vivan apiñados en un rincón y sin entenderse unos a otros, ha porfiado en que haya ciudades muy populosas. (*Obra de 660 pliegos* §6978: V, 229)

Consonte isto, Madrid resulta ser dentro de España o cumio dos horrores e Sarmiento chega a propoñer o despoboamento da capital: «No hay duda de que

¹⁹ Ramón Grau explorou no seu día a influencia que nos textos de Campomanes sobre a industria popular tivera o *Tratado do cânabo* do francés Marcandier. Pagaría a pena investigar o paralelismo entre as ideas deste último e as do propio Sarmiento, así como se este chegou a coñecer as ideas do primeiro, malia que non aparece ningunha referencia a el na obra dispoñible do monxe bieito. Cf. Grau 2011.

el modo de poblar España será despoblar los lugares populosos, y en especial Madrid, que es una sentina de ociosos, viciosos, chismosos, embusteros y charlatanes» (*Obra de 660 pliegos* §6981: V, 229-230).

Se Madrid é o seu principal exemplo dos horrores da cidade, en Galicia o exemplo sería o daquel Ferrol en que se estaba a construír o grande Arsenal da Mariña. A aquel pequeno burgo pesqueiro estaban a chegar naqueles anos unha infinidade de operarios —máis ou menos voluntarios— destinados a traballar na construción de diques, estaribeis e buques que rematarán por converter a cidade departamental, moi logo do pasamento do noso protagonista, na principal urbe galega (Eiras Roel 1988). Na altura de 1760 Sarmiento profesaba esta opinión sobre o que representaba o estaleiro ferrolán:

Supongo que en El Ferrol se deshará lo más de lo hecho y se fabricará otra cosa, según el capricho de los arquitectos. Ojalá se arruinase de vez todo lo obrado y plantasen el astillero en Tetuán, pues no ocasionó en Galicia sino coluvie de canalla, de ladrones, de vicios, de extorsiones, de subir los precios, de apurar los géneros, de ociosos y de malvados a vuelta de tales cuales pesos²⁰.

Esta posición de Sarmiento en contra da urbanización e do control da industria rural por parte do capital mercantil batía co que estaba ocorrendo nalgunhas rexións europeas, nas que os comerciantes estaban comezando a distribuír as materias primas entre as tecedeiras e recollendo o produto rematado a cambio dunha remuneración. Este denominado *Verlagssystem* ou *putting out* sería precisamente unha das vías que conduciría —logo dalgúns avances tecnolóxicos como a máquina de vapor e fiadoras e teares mecánicos— á moderna industrialización²¹. E batía tamén cunha tendencia paralela, como era a do progresivo crecemento das cidades, derivado do avance do comercio, da división do traballo e, posteriormente, da propia industrialización.

²⁰ Carta ao seu irmán Francisco Javier do 27/02/1760, en Sarmiento 1995: 197-198; a cita é da p. 198.

²¹ Que o *Verlagssystem* fose unha das vías de avance cara á moderna industrialización non é dicir que fose a única. Tamén noutros moitos casos foron os propios gremios urbanos os que evolucionaron, a medida que os mestres se afastaron deles, cara a fórmulas industriais modernas. Cf. por exemplo o clásico Berg (1987).

Esta aversión de Sarmiento a eses dous elementos da transición ao capitalismo induciu algúns autores a afirmar que o monxe bieito «rechaza el capitalismo comercial» (Lluch 1997: 100) ou a cualificar a súa actitude como «antimercantil y anticapitalista» (Carmona 1990a: 159). Aínda que vistas desde hoxe estas cualificacións non van de todo desencarreadas, deberíamos introducir algún matiz. É que Sarmiento, que remata de escribir os seus *660 pliegos* no ano 1766, non coñece daquela o proceso de Revolución Industrial que está comezando en Inglaterra e que mesmo alí está aínda na súa fase preliminar. Sarmiento rexeita un camiño, o que estaba levando á fábrica moderna, a da máquina e o traballo asalariado, pero el non ten aínda ese dato, el non sabe a onde leva aquel camiño. Para iso cumpría estar moi ao día do que acontecía en Inglaterra, ou como mínimo nas fábricas barcelonesas de indianos. E tampouco estaba claro que aquel fose o único camiño á industrialización dado que, en realidade e tal como sinalaron autores como Marglin, Sabel e Zeitlin na súa xa vella polémica de «para que serven os patróns», a produción centralizada non era a única alternativa posible, aínda que si a que finalmente se impuxo²².

Unha década máis tarde, cando Campomanes publica o seu *Discurso sobre el fomento de la industria popular* (1774), no que a influencia de Sarmiento —con quen mantiña correspondencia e a quen visitaba na súa cela do convento madrileño de San Martín— é notable, a transición cara á industrialización está xa algo máis avanzada e existe unha ilustración catalá ou aragonesa que si empeza a percibila (Lluch 2000). Pero, mesmo así, e como sinalou a historiografía catalá, a introdución das máquinas de fiar e tecer debería alí agardar aínda ata comezos da década de 1780. É referíndose a esa época cando Vicent Llombart (Llombart 1992: 267) ou Ramón Grau (2011) cualifican como anticapitalista ou antiindustrialista a Campomanes, unha categorización que puxo en cuestión posteriormente Joaquín Ocampo, autor este último que insiste en que nin sequera os economistas ingleses eran daquela conscientes do que representaban os cambios que se estaban a producir (Ocampo 2002 e 2004).

Con máis motivo Sarmiento —que escribe como mínimo unha década antes— debe ser entendido na súa época e no seu contexto: un monxe bieito,

²² Utilizamos a versión italiana reproducida nun libro coordinado por David Landes que incorpora tamén contribucións do propio Landes, de Charles Sabel e de Jonathan Zeitlin. Cf. Landes 1987.

inmenso erudito, que coñece o mercantilismo e os seus excesos, pero non pode dexergar aínda o que vai ser o camiño da fábrica moderna. Pero o que si coñece é a actuación do capital mercantil e pode dicirse con toda rotundidade que sente por el unha verdadeira alerxia. O contexto manda e a propia situación persoal tamén. Como afirma Álvarez Barrientos referíndose a Sarmiento, nunha cita que tamén reproduce Henrique Monteagudo no seu limiar da edición da *Obra de 660 pliegos*, «su escritura se instalaba en la alternativa entre tradición y modernidad, atrapado, aunque fuera más allá, en los límites de la fe y de la institución a la que pertenecía» (Álvarez Barrientos 2019: 61), que non era outra que a Congregación de San Bernardo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ BARRIENTOS, Joaquín (2019): *Martín Sarmiento. Estudio crítico*, Madrid, Fundación Ignacio Larramendi.
- AMENEIROS RODRÍGUEZ, Rocío (2015): *La Biblioteca de Martín Sarmiento: recepción de la Ilustración en España*. [Tese de doutoramento]. A Coruña, Universidade da Coruña. Disponível en: <http://hdl.handle.net/2183/15946>
- BERG, Maxine (1987): *La era de las manufacturas (1700-1820)*, Barcelona, Crítica.
- CARMONA BADÍA, Xoán (1990a): *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de la industria textil rural, 1750-1900*, Barcelona, Ariel.
- CARMONA BADÍA, Xoán (1990b): «Merceros de Castilla: estacionalidad agrícola y desplazamientos estacionales en la España Cantábrica», en L. V. García Merino (comp.), *Los espacios rurales cantábricos y su evolución*, Santander, Universidad de Cantabria, 32-43.
- CARMONA BADÍA, Xoán (1993): «Sargadelos en la historia de la siderurgia española», *Revista de Historia Industrial*, 3, 11-40.
- CERVERA PERRY, José (2019): «Ciencia del comercio, economía política y economía civil en la Ilustración Española (1714-1808)», *Cuadernos Dieciochistas*, 20, 97-158.
- DELGADO BARRADO, José Miguel (2009): *Quimeras de la Ilustración (1701-1808). Estudios en torno a proyectos de hacienda y comercio colonial*, Castelló, Universitat Jaume I.
- DOPICO, Fausto (2000): «El proyecto socioeconómico de los ilustrados gallegos», en Enrique Fuentes Quintana (dir.), *Economía y economistas españoles*. Vol. 3: *La Ilustración*, Barcelona, Círculo de Lectores, 641-676.
- EIRAS ROEL, Antonio (1988): «Una primera aproximación a la estructura demográfica urbana de Galicia en el censo de 1787», en R. Villares (ed.), *La ciudad y el mundo urbano en la historia de Galicia*, Santiago de Compostela, Tórculo, 155-178.
- FERNÁNDEZ DURÁN, Reyes (1999): *Gerónimo de Uztáriz (1670-1732). Una política económica para Felipe V*, Madrid, Minerva.
- GARCÍA RUPÉREZ, Mariano (1986): «El pensamiento económico ilustrado y las compañías de comercio», *Revista de Historia Económica*, 4:3, 521-541.
- GARCÍA SANZ, Ángel (1999): «El contexto económico del pensamiento escolástico: el florecimiento del capital mercantil en la España del siglo XVI», en Enrique Fuentes Quintana (dir.), *Economía y economistas españoles*. Vol. 2: *De los orígenes al mercantilismo*, Barcelona, Círculo de Lectores, 131-162.
- GRAU, Ramón (2011): «Indústria urbana o indústria dispersa? El rerefons polític d'una polèmica, 1773-1778», *Barcelona Quaderns d'Història*. N.º 17: *La indústria de les indies a Barcelona, 1730-1850*, 147-195.
- LANDES, David L. (a cura di) (1987): *A che servono i padroni? Le alternative storiche dell'industrializzazione*, Torino, Bollati Boringheri.
- LLOMBART, Vicent (1992): *Campomanes, economista y político de Carlos III*, Madrid, Alianza.
- LLOMBART, Vicent (2000): «El pensamiento económico de la Ilustración en España (1730-1812)», en Enrique Fuentes Quintana (dir.), *Economía y economistas españoles*. Vol. 3: *La Ilustración*. Barcelona, Círculo de Lectores, 7-89.

- LLUCH, Ernest (1997): «La visión económica de Sarmiento», en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, t. I, 91-102.
- LLUCH, Ernest (2000): «El industrialismo en la Corona de Aragón y en la Corona de Castilla (siglo XVIII)», en Enrique Fuentes Quintana (dir.), *Economía y economistas Españoles*. Vol. 3. *La Ilustración*, Barcelona, Círculo de Lectores, 577-581.
- MATILLA, María Jesús (1982): «Las compañías privilegiadas en la España del Antiguo Régimen», en Miguel Artola (ed.), *La economía española al final del Antiguo Régimen. IV. Instituciones*. Madrid, Alianza Universidad, 269-401.
- OCAMPO, Joaquín (2002): «Industrialismo antes de la revolución industrial: la visión de los ilustrados», *Cuadernos de Estudios del Siglo XVIII*, 12-13, 93-115.
- OCAMPO, Joaquín (2004): «Campomanes. Un programa industrial en tiempos de la Ilustración», *Revista de Historia Industrial*, 22, 111-145.
- SARMIENTO, Martín (1995): *Epistolario*. [Disposto por Xosé Filgueira Valverde e M.^a Xesús Fortes Alén]. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (<https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=2911>).
- UZTÁRIZ, Gerónimo (1724): *Theorica y practica de comercio y de marina en diferentes discursos y calificados exemplares que, con especificas providencias, se procuran adaptar a la Monarchia española para su prompta restauracion, beneficio universal y mayor fortaleza contra los émulos de la Real Corona*, Madrid, Imprenta de Antonio Sanz.